



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

Texto aprobado pola XGL de 23/03/11

## NORMAS PROVISIONAIS DE USO DO LOCAL MUNICIPAL DO ANTIGO LAVADOIRO POR ASOCIACIÓNS LOCAIS E COLECTIVOS.-

Pola Xunta de Goberno Local, con **data 23 de marzo de 2011** aprobouse a fixación das normas provisionais, de obrigatorio cumprimento que se transcriben e que rexirán ata a adopción doutro acordo ou Resolución polo órgano municipal competente.

### NORMAS PROVISIONAIS DE USO DE LOCAL MUNICIPAL DO USO DO LOCAL MUNICIPAL DO ANTIGO LAVADOIRO

#### PRIMEIRO.- Obxecto.

As presentes normas teñen por obxecto establecer , con carácter provisional as condicións de uso das instalacións e do material do local do antigo lavadoiro sito na rua Dos Fornos.

Estas normas regulan, en tanto non se aprobe un Regulamento de funcionamento polo pleno municipal , o uso gratuito do inmoble propiedade do Concello como local de reunión para asociacíons e colectivos de Ribadeo, durante o periodo que se autorice para cada grupo, asociación ou colectivo.

O local conta cunha sala coa dotación ou material e equipamento seguinte:

Elementos	Unha mesa, cadeiras plegables.
-----------	--------------------------------

As presentes bases serán de aplicación á utilización polas Asociacíons e particulares do local municipal referido, non sendo de aplicación á utilización que polo Concello, en canto titular dos mesmos, se faga do mesmo.

Local Municipal obxecto de aplicación:

- Sala do antigo Lavadoiro (Rúa dos Fornos-Ribadeo).

#### SEGUNDO- SOLICITUDES

Os interesados no uso dos locais municipais deberán presenta-la súa solicitude ordinariamente



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: [ribadeo@ribadeo.org](mailto:ribadeo@ribadeo.org) • [concello@ribadeo.org](mailto:concello@ribadeo.org) • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

cunha antelación mínima de 7 días á data de celebración da actividade, sen prexuízo de que, de estar vacante a data poderá solicitarse e autorizarse excepcionalmente, con 48 horas de antelación. A solicitude presentarase no Rexistro Municipal, de acordo co modelo oficial que se facilitará nas dependencias municipais ou descargándoo da páx. Web municipal ([www.ribadeo.org](http://www.ribadeo.org)).

## TERCEIRO.- CRITERIOS DE CONCESIÓN DO USO.

O uso do edificio Antigo lavadoiro, autorizarse con carácter ordinario, só ás Asociacións locais, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. Tamen podera, con carácter extraordinario e motivado autorizarse a Asociacións locais non inscritas e outros colectivos ou persoas.

No suposto de que sexa solicitado o uso do Antigo Lavadoiro Municipal para un mesmo día por mais dunha entidade ou particular, atenderase á seguinte orde de prioridade na súa concesión:

- Actividades organizadas polo Concello de Ribadeo
- Asociacións locais, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Asociacións locais que acrediten a súa constitución, non rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Veciños de Ribadeo, para actividades que non teñan ánimo de lucro.

A preferencia virá determinada pola orde cronolóxica de presentación de solicitudes no Concello. Nembargantes, o Concello reservará a posibilidade de alterar esta orde se circunstancias de interese municipal así o fixeran aconsellable.

O Concello de Ribadeo reservase o dereito a denega-la autorización do uso dos locais municipais cando circunstancias de interese municipal así o fixeran aconsellable.

## CUARTO.- NORMAS BASICAS DE USO.

4.1. Horario.- Os autorizados deberán facer uso das instalacións dentro dos horarios fixados . A hora de inicio e de remate do uso do local non poderá ser modificada en ningún caso, agás acordo expreso do Concello e do solicitante, ou ben polo Concello por causas xustificadas ou de forza maior que así o fagan aconsellable.

Chegada a hora de remate deberán desaloxarse as instalacións.



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

A resolución co horario de apertura e peche do local deberá situarse polo autorizado en lugar visible, para coñecemento dos usuarios.

**4.2. Uso.-** As instalacións deberán deixarse no mesmo estado en que se atoparon. A tal efecto, no seu caso, o autorizado, cunha antelación mínima de dous días ao uso do local, deberá manifestar por escrito calquera observación que considere convinte respecto ao seu estado. Se as mesmas non son ratificadas polo persoal do Concello encargado dos locais, quedará sen efecto a autorización.

Ao remate do uso dos locais deberán apagarse as luces, pecha-las ventás e a porta de acceso, non debendo deixarse conectado ningún aparello eléctrico.

**4.3. Responsabilidade.-** O autorizado será responsable, en todo caso, dos desperfectos ou deterioros que se produzan no mobiliario ou locais, asumindo o custo económico dos mesmos e das reparacións ou reposicións do material orixinal.

O autorizado será asimismo responsable dos accidentes ou danos persoais que pudieran xurdir no interior do local durante o desenvolvemento da actividade.

O equipamento que se preste polo Concello de se-lo caso, deberá ser utilizado exclusivamente para o fin autorizado.

**4.4. Limpeza.-** Corresponde ao Concello a limpeza das instalacións tras do seu uso. Non obstante o anterior, no caso de existir lixo ao remata-lo uso do local, o autorizado estará obrigado a depositar éste no contador de lixo municipal máis próximo.

## 5.- SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

O Concello dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubre os accidentes que puideran ocasionarse por defecto das instalacións.

## 6.- CONDICIONS DA AUTORIZACION DE USO.-

Xunto con cada solicitude de autorización deberá asinarse o coñecemento e acatamento incondicional das condicións da autorización seguintes:

a) A cesión de uso se efectúa en precario, motivada polo interese público de facilitar as reunións de asociacións, colectivos ou persoas de Ribadeo, para fins sen animo de lucro..

b) Que os grupos, agrupacións ou persoas individuais que utilizan o local son persoas privadas que por razón desta actividade non quedan en relación de dependencia respecto do Concello, nin este presta conformidade ou aquiescencia algúns polo que non se fai responsable, nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que por acción



# EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax 982 130 975  
e-mail: [ribadeo@ribadeo.org](mailto:ribadeo@ribadeo.org) • [concello@ribadeo.org](mailto:concello@ribadeo.org) • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO  
C.I.F.: P-2705100-B

ou omisión de calquiera clase poidan producirse dentro do recinto do local, ou nos espazos públicos inmediatos ó mesmo.

- c) Que o grupo, agrupación ou persoa individual se obriga a ter ó dia baixo a sua responsabilidade cuntas licencias e autorizacións de Organismos competentes en materia de sanidade, traballo, facenda ou calqueira outros se precisen, no seu caso, para o desenvolvemento da actividade por eles pretendida.
- d) Que o Concello non terá responsabilidade algúna pola desaparición de calqueira elemento de titularidade dos usuarios que, depositado no edificio poida ser obxecto de sustracción , sen prexuízo de que colaboure cos mesmos coa denuncia ante asa autoridades policiais e xudiciais.De xeito expreso o Concello non asume ningunha obriga de vixilancia ou custodia específica da instalación nin lle será imputable responsabilidade algúna que poida derivarse da mesma.

## 7.-OBRIGAS DOS SOLICITANTES.

- a) Limpeza básica das instalacións, ó remate da utilización das mesmas.
- b) Coidado e bo uso da instalación e material.No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe deberá repoñer integralmente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- c) Acudir ao local no día e hora programados ou notificar as ausencias.
- d) Informar do acceso de persoas alleas a actividade autorizada.
- e) Informar ao Concello das incidencias ou problemas que poidan darse.
- f) Non utilizar os locais fora do horario autorizado expresamente polo Concello nin para fins distintos dos autorizados.
- g) A aceptación de que o Concello, por razóns de interese público poderá cambiar o horario autorizado ou deixar sin efecto a autorización si se precisase o uso do local para unha actividade pública, o que comunicaría ós usuarios autorizados con alomenos 24 horas de antelación.
- h) A responsabilidade solidaria dos membros de cada grupo ou agrupación ou, de ser o caso polas persoas individuais autorizadas, das acción ou omisións da que se derive prexuízo para os bens públicos obxecto de autorización de uso.

## OITO.- INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS.-

O incumprimento das obrigas establecidas nestas normas provisionais darán lugar á perda do dereito ao uso e goce das instalacións e materiais durante o tempo que a Alcaldía estime oportuno, podendo chegarse á revocación da autorización de utilización do local.

## NOVE.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.-

Corresponderá a Alcaldía a interpretación e resolución de cuntas cuestións se deriven das presentes Bases incluíndo a integración do non dispuesto nas mesmas coas normas e indicacións precisas para o bo fin da actividade e que , en todo caso serán de obligatorio cumprimento .